

CONFERENCIA DE ASEMBLEAS LEXISLATIVAS REXIONAIS EUROPEAS

OVIEDO 1997

DOCUMENTO DE OVIEDO SOBRE AS ASEMBLEAS LEXISLATIVAS REXIONAIS NA UNIÓN EUROPEA

Os presidentes de asembleas lexislativas rexionais europeas reunidos no Encontro de Oviedo do 6 e 7 de outubro de 1997 sobre as asembleas lexislativas rexionais na Unión Europea

1. Considerando que a Unión Europea non debe ser un freo para o principio democrático, senón que ha de contribuír, pola contra, ao seu perfeccionamento.
2. Considerando que, para fortalecer o principio democrático, as rexións dos estados membros que dispoñen de asembleas con capacidade lexislativa deben participar máis no proceso de integración europeo e que tanto a nivel nacional como europeo se lles deberían conceder dereitos de intervención en cuestións da integración europea.
3. Considerando, ademais, que a participación das rexións nas que as persoas están arraigadas e atopan a súa identidade contribuírá a unha maior proximidade do cidadán á Unión.
4. Considerando que, ademais de aos gobernos rexionais, deberían concedérselles, así mesmo, aos parlamentos rexionais posibilidades de participación, xa que, como institucións especialmente próximas ao cidadán, lles corresponde un importante papel mediador entre os cidadáns e a Unión Europea.
5. Considerando que o ámbito rexional non debe quedar desconectado dos niveis europeo e nacional, pois a súa axeitada imbricación é, pola contra, imprescindible para a efectiva realización do principio democrático no seo da Unión.
6. Considerando que unha configuración axeitada das relacións entre eses tres escenarios é prioritaria para unha mellor articulación do principio de subsidiariedade, sobre o que deberá descansar a distribución competencial dentro da Unión.
7. Convencidos ademais de que as relacións de cooperación entre as institucións parlamentarias favorecen o entendemento dos pobos e a consolidación e o fortalecemento da democracia a través do acervo enriquecedor do mutuo intercambio das experiencias propias.
8. Convencidos tamén de que as institucións parlamentarias rexionais poden, pola súa proximidade aos cidadáns, achegar valiosas contribucións ao patrimonio de amizade que debe fomentarse no seo da Unión.

9. Xulgando por outro lado que a acción europea dos gobernos atopa na intervención das institucións parlamentarias o reforzo de lexitimidade que, en canto directa expresión do principio democrático, aquelas representan.

10. Xulgando igualmente que a intervención parlamentaria é expresión dunha vontade de cooperación leal cos gobernos orientada á máis profunda consecución das esixencias ineludibles do principio democrático.

11. Valorando como referente a Carta comunitaria da rexionalización aprobada por Resolución do Parlamento europeo do 18 de novembro de 1988, cuxo artigo 25 declara que “as rexións participarán na formación da posición dos estados nas instancias comunitarias dentro do ámbito das súas competencias ou cando os temas que se vaian tratar afecten directamente os seus intereses”, asegurando os estados ás rexións “mecanismos de información rápida e ampla dos proxectos comunitarios”, así como “mecanismos de concertación sectorial áxiles e eficaces”.

12. Valorando igualmente como referente a Declaración da Asemblea de Rexións de Europa (ARE) adoptada en Basilea o 4 de decembro de 1996, cuxo artigo 12.10 prescribe que “deberán establecerse mecanismos de contacto entre o Parlamento europeo e os parlamentos rexionais como institucións que representan directamente a vontade popular dos cidadáns”.

13. Valorando así mesmo que os asistentes ratifican as reivindicacións das “Teses de Stuttgart sobre o papel na política europea das asembleas e parlamentos rexionais”, aprobadas o 6 de maio de 1997 na sede do Landtag de Baden-Württemberg, cuxo primeiro punto sostén que “os parlamentos rexionais deben colaborar na elaboración da política europea de xeito decisivo”.

14. Valorando tamén a Declaración de Alemaña, Austria e Bélxica sobre a subsidiariedade incluída no Tratado de Amsterdam do 2 de outubro de 1997, segundo a cal “para os Gobernos alemán, austríaco e belga, é evidente que a acción da Comunidade Europea, de conformidade co principio de subsidiariedade, non só afecta os estados membros, senón tamén as súas entidades, na medida en que estas dispoñen dun poder lexislativo propio que lles confire o dereito constitucional nacional”. Confiando en que a esta Declaración se sumen todos os estados que contén con entidades territoriais con poderes lexislativos propios constitucionalmente recoñecidos.

15. Valorando que as propostas contidas neste documento perseguen afondar nos principios de democracia e participación no seo da Unión e poden conseguirse sen crear novos órganos nin complicar o proceso decisional da Unión.

Entenden positivo coincidir nestes

OBXECTIVOS

Primeiro.- Convén reforzar en cada rexión os procedementos de seguimento e avaliación parlamentaria dos asuntos europeos tanto na fase ascendente de formación da vontade do Estado como na fase descendente de execución das políticas comunitarias. Para iso, e co fin de posibilitar o control da actuación europea dos respectivos executivos, resultaría imprescindible poñer á disposición dos parlamentos rexionais un servizo de información que lles permita realizar o seguimento puntual de todas aquelas cuestións que poidan afectar as súas competencias. Os gobernos rexionais deberían informar periodicamente aos parlamentos rexionais, en particular, sobre asuntos da Unión Europea de transcendencia rexional, consultarlos e ter en consideración as súas resolucións no tratamento de asuntos da Unión Europea nas institucións a nivel nacional e europeo, así como render contas ao respecto.

Segundo.- Na práctica actual de moitos parlamentos rexionais deu bo resultado encomendarlles as tarefas de seguimento e avaliación das accións sectoriais dos gobernos rexionais con proxección europea ás respectivas comisións parlamentarias sectoriais, o que podería ser un modelo para outros parlamentos rexionais.

Terceiro.- Sería conveniente, non obstante, valorar a oportunidade de completar o cadro de comisións parlamentarias sectoriais cunha Comisión sobre Asuntos Europeos, encargada das cuestións europeas de dimensión máis propiamente institucional ou intersectorial e con facultade de ditaminar, sen carácter vinculante, nos procedementos confiados ás comisións parlamentarias sectoriais.

Cuarto.- É conveniente fomentar vías para o intercambio de información entre as comisións sectoriais e as comisións de asuntos europeos das diferentes asembleas lexislativas rexionais europeas, así como destas coas comisións dos parlamentos nacionais e do Parlamento europeo.

Quinto.- Cabería considerar a creación dunha rede informática aberta a todas as institucións implicadas, que permitise a consulta inmediata dos datos e procedementos de cada Cámara sobre o asunto de que se trate.

Sexto.- Estimularanse encontros institucionais presenciais. Comisionados de cada Cámara rexional poderían asistir ás sesións que celebren as demais sobre asuntos europeos se fosen de interese concorrente. Esa posibilidade debera incluír igualmente a asistencia a sesións do Parlamento nacional respectivo e do Parlamento europeo, cuxos membros poderían ser invitados así mesmo ás sesións das cámaras rexionais en asuntos de dimensión europea que os afecten de modo particular. Valórase favorablemente a posibilidade de institucionalizar a celebración dunha Conferencia parlamentos rexionais-Parlamento europeo.

Sétimo.- Serían útiles estadias de intercambio de funcionarios ao servizo das respectivas asembleas, co fin de contribuír ao contraste das experiencias que alenten a formación dun fondo común de parlamentarismo rexional europeo.

Oitavo.- Pode ponderarse a funcionalidade de crear na administración de cada Asemblea unha Oficina de Asuntos Europeos, que asesore os parlamentarios e persoal cualificado ao

servizo da Cámara. A oficina encargaríase dos intercambios de información sobre asuntos europeos co resto das cámaras e podería manter estreitas relacións de colaboración coas oficinas rexionais en Bruxelas.

Noveno.- Sen prexuízo da posibilidade de manter contactos bilaterais, valórase favorablemente a posibilidade de que as comisións sobre asuntos europeos das asembleas lexislativas rexionais estean representadas na Conferencia de Órganos Especializados en Asuntos Comunitarios (COSAC). De non ser viable esa representación, podería crearse unha COSAC de nivel rexional.

Décimo.- Valórase tamén favorablemente a creación da Conferencia de Presidentes de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas. A Conferencia podería editar o “Anuario dos parlamentos rexionais europeos”, como instrumento de expresión e difusión do parlamentarismo rexional na Unión Europea. A Conferencia celebrarase anualmente. A súa próxima reunión podería ser organizada por un comité elixido neste encontro e que en xaneiro/febreiro do próximo ano se ocuparía da elección do lugar, da data de realización e dos temas que se abordarían.

Décimo primeiro.- Os parlamentos rexionais avogarán por continuar o reforzamento da posición da Comité das Rexións, no que os parlamentos rexionais deben estar representados axeitadamente.

Décimo segundo.- Este documento deberíase elevar aos presidentes dos parlamentos nacionais, ao presidente do Parlamento europeo, ao presidente da Comisión Europea, ao presidente do Consello da Unión Europea, ao presidente do Comité das Rexións, ao presidente do Consello de Europa, ao presidente do Congreso de Poderes Locais e Rexionais de Europa, ao presidente da Cámara das Rexións do Consello de Europa, ao presidente da Asemblea das Rexións de Europa e a cantas institucións e instancias estean interesadas nos contidos desta declaración.